

Disposición adicional

Todas as referencias á extinta Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais contidas nas ordes e programas en vigor se entenderán feitas á nova Consellería de Traballo e aos seus órganos nas competencias asumidas por esta.

Do mesmo xeito, as delegacións de competencias efectuadas pola conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais nas ordes e programas en vigor e nas materias asumidas pola Consellería de Traballo entenderanse feitas polo conselleiro de Traballo nos correspondentes órganos desta consellería.

Disposición derogatoria

Queda derrogada no ámbito das competencias da Consellería de Traballo a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do 7 de maio de 2003 e do 19 de maio de 2003 así como as que se refiren a oposicións de igual ou inferior rango que se opeñan ao previsto nesta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2005.

INFORMA

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

Corrección de erros.-Resolución do 27 de xullo de 2005, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria para a vinculación interina de varios facultativos especialistas de área.

Na páxina 14.140 do DOG nº 154, do 11 de agosto de 2005, no punto primeiro debe incluírse: 1 F.E.A. de Psiquiatría.

Resolución do 11 de agosto de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente a fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego do Servizo Galego de Saúde das categorías de fisioterapeuta e traballador social.

O punto 1 da base décimo quinta da Orde do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), pola que se convoca proceso extraordinario de con-

solidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que rematada a baremación dos méritos achegados polos participantes, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* unha resolución pola que se aprobe a relación provisional das puntuacións obtidas por aqueles así como os destinos provisionais adxudicados.

Polo tanto, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións así como os destinos provisionais adxudicados obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola orde da Consellería de Sanidade do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), das categorías de fisioterapeuta e traballador social.

Segundo.-As listas poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os aspirantes disporán de prazo ata o quince de setembro inclusive, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro
Director xeral da División de Recursos Humanos

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 28 de xullo de 2005 pola que se convocan a concurso de acceso prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en adiante LOU), no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos (en adiante RDH), e a teor do establecido no decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio (DOG do 17 de xuño), polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña (no sucesivo EUDC).